

1.- Curso “Multilevel models” na USC

Os días 28, 29 de febreiro e 1 de marzo terá lugar na Facultade de Matemáticas da USC un curso sobre “Multilevel Models” impartido polo Prof. Leonardo Grilli (Universitá degli Studi di Firenze) con horario de 10:00 a 14:00 horas. Este curso forma parte da *School of Advanced Mathematics*, do Instituto de Matemáticas da USC (SAM-IMAT).

A inscrición é gratuita e debe facerse mediante correo-e á secretaria do IMAT (rosa.crujeiras@usc.es) antes do 18 de febreiro.

Máis

información:

http://www.usc.es/gl/institutos/matematicas/modules/news/news_0023.html

2.- II Encuentro de Jóvenes Investigadores en Diseño de Experimentos y Bioestadística

O grupo de Estatística da *Universidad de La Laguna* organiza o segundo encontro de *Jóvenes Investigadores en Diseño de Experimentos y Bioestadística*, que se celebrará do 18 ao 20 de xullo de 2012 en La Laguna (Tenerife). O obxectivo é dar continuidade ao primeiro encontro (JEDE I) que tivo lugar en 2010 no Campus de Toledo da *Universidad de Castilla-La Mancha*, así como servir de punto de encontro da rede nacional de Bioestadística (BIOSTATNET).

Data límite para envío de traballos: 1 de abril de 2012


Máis información: <https://sites.google.com/site/jedetenerife/home>

3.- Seminario sobre Datos Funcionais na Facultade de Matemáticas

O departamento de Estatística e Investigación Operativa de Santiago organiza un seminario sobre **Datos Funcionais**, que terá lugar o día 23 de febreiro de 2012 na sala de xuntas da Facultade de Matemáticas co seguinte programa:

- **17:00-17:45:** “Estimadores robustos baixo un modelo de componentes principais funcional”. Graciela Boente (Universidad de Buenos Aires y CONICET).
- **17:45-18:30:** “Projection-based nonparametric testing in functional regression”. César Sánchez Sello (Universidad de Santiago de Compostela).
- **18:45-19:30:** “Trends in time series of functional data to study Antarctic Climate Change”. Ricardo Fraiman (Universidad de San Andrés (Buenos Aires - Argentina)).

O seminario poderá seguirse por vídeo conferencia.



Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida , s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>